

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN DURANTE O ANO 2024.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, D. Miguel Fernández-Cid Enríquez, como director da Fundación MARCO, en virtude do nomeamento realizado na reunión do Padroado da Fundación MARCO de 25 de febreiro de 2019 e con capacidade legal para a sinatura deste convenio, segundo os Estatutos da Fundación, na redacción acordada o 25 de outubro de 2018 polo mesmo Padroado.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía, consonte co estipulado no artigo 148.1.17 da Constitución Española.

Dentro deste ámbito de competencias, à Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acordo co Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, correspóndenlle as competencias e funcións en materia promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural para achegar o mellor posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Segundo: Que a Fundación Marco, ten como obxectivos, segundo consta nos seus Estatutos Fundacionais, a realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e a cultura contemporánea, con particular atención a produción artística da Comunidade Autónoma Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, conservación, estudo, exposición e interpretación educativa de fondos, ao tempo que impulsa a estimulación da sensibilidade na sociedade da cultura en xeral.

Terceiro: A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas





iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

Cuarto: Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Marco, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, subscriben o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: definición do obxecto

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Marco, a colaboración no desenvolvemento da programación anual de actividades expositivas, culturais, didácticas e de difusión no Museo de Arte Contemporánea para o ano 2024:

Exposicións:

- **Exposición Bosco Caride**
- **Exposición Alfonso Galván**
- **Exposición Verbis**
- **Exposición Jordi Bernado**
- **Exposición Juan Giralt**

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrència pública dado o carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional do Marco. Así mesmo, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores de poboación coma polo número de persoas que participan nelas. Dado o seu marcado carácter singular, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 recóllese unha subvención a favor da Fundación Marco.

Segunda: achega económica

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, contribuirá con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2024, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

Importe: 100.000,00€

Aplicación orzamentaria: 10.04.432A.781.3

Seguindo os límites establecidos no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto do res-





to da administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións e entidades públicas, sempre que a intensidade da axuda non exceda do 80% dos custes subvencionables.

Terceira: Obrigas da entidade beneficiaria

A entidade beneficiaria comprométese a:

1. Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, na medida na que resulte de aplicación.
2. Executar, no prazo de vixencia do presente convenio, as actividades obxecto do mesmo e non alterar o destino da achega.
3. En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora.
4. A efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
5. A entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
6. A entidade beneficiaria consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
7. A entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
8. No caso de Fundacións de Interese Galego, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade, segundo o modelo que se xunta como Anexo III.
9. En base ao establecido no artigo 1 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, con anterioridade á sinatura do convenio, deberá acreditar que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da





Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, así como que non se atopa en crise.

10. Comunicar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

11. Deberá acreditar estar ao corrente de pago das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

12. A aceptación desta subvención implica, de ser o caso, a autorización á Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e demais disposicións de aplicación.

13. Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

14. A entidade beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

15. Ademais son obrigas da entidade beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

Cuarta: Comisión de seguimento

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dúas persoas de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: Xustificación dos investimentos

1. Gastos subvencionables

Considéranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Serán admisibles os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do 2024 ata a data límite de vixencia do convenio.





O recoñecemento da axuda á Fundación Marco de Vigo nunha norma con rango de lei, supón que todas as actividades realizadas pola entidade con posterioridade á aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, se atopen amparadas pola previsión do artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014. A sinatura do presente convenio de colaboración, non é mais que a formalización da axuda prevista nos orzamentos.

Os gastos subvencionables corresponderanse cos vencellados á realización das actividades obxecto do convenio: produción das obras, transporte, montaxe e desmontaxe, seguros, rotulacións, difusión fotográfica, desprazamentos e honorarios de artistas e comisarios, edición e tradución de textos e imaxes, deseño e impresión de catálogos, atención ao público e visitas guiadas.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

2. Documentación a presentar

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia - Carpeta do cidadán da persoa beneficiaria/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan> - código de procedemento PR004A).

Para a percepción da axuda será necesario presentar electronicamente ante a Dirección Xeral de Cultura a seguinte documentación:

a) Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica, asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como Anexo I.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.





3º. Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

4º. Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total concedido (Anexo II).

5º. Na derradeira xustificación, deberá achegarse unha declaración do cumprimento dos límites establecidos no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño, que figuran na cláusula segunda do presente convenio.

6º. A entidade beneficiaria/representante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

3. Prazo para a xustificación dos investimentos

O prazo máximo para a presentación da xustificación dos investimentos coincidirá co do período de vixencia do convenio.

4. Pagamento da subvención

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

De acordo co establecido no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, a intensidade da axuda non poderá superar o 80% do custo subvencionable.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

5. Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos fraccionados a conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata o límite máximo do 80% do importe total da achega.

A contía restante, aboarase unha vez xustificada a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

6. Réxime xeral de garantías





O artigo 65.1.b) do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos a conta ou anticipados.

O artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia establece que o Consello da Xunta poderá eximir da obriga de constituír garantías. Neste suposto o beneficiario estaría exento da obriga de constituír a garantía prevista no artigo 65.1.b).

7. Efectos da falta de xustificación

Transcorrido o prazo de xustificación establecido no número 3 desta cláusula sen ter presentado aquela, a Dirección Xeral de Cultura requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente segundo o previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A falta de presentación da xustificación dos investimentos no prazo establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009 comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención. De producirse esta situación, deberá aplicarse o disposto nos artigos 28.10 e 33 da Lei de subvencións de Galicia, e en consonancia con estes artigos, os que correspondan, de acordo co disposto nos artigos 54, 55, 56 e seguintes da dita lei.

Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscripción deste convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: Período de vixencia

A vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura ata o **15 de decembro de 2024**.

Oitava: Subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún





caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención; quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

Novena: Notificacións electrónicas

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, e polo tanto, recibir notificacións por canles electrónicas as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Este sistema remitirá á persoa interesada avisos da posta a disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que se facilite. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica no fose posible por problemas técnicos, a administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.





Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo primeira: Réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplícase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, as axudas á cultura e á conservación do patrimonio serán compatibles co mercado interior en virtude do artigo 107, apartado 3, do Tratado, e quedarán exentas da obriga de notificación establecida no artigo 108, apartado 3, do Tratado.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solventadas en vía administrativa, será resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda: Rescisión do convenio

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación, O director da Fundación MARCO
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

Miguel Fernández-Cid Enríquez





Anexo I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dña _____
_____ con DNI _____, en nome e represen-
tación _____ da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para _____

Acredor	Nº fra.	Data fra.	Obxecto	Importe	Data pago	Exposición
	Suma dos investimentos					

_____, _____, de _____ de 2024

Sinatura





Anexo II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS

D/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

A) Que _____ para _____ a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de 2024





Anexo III

D/Dna _____
_____ con DNI _____, en nome e representa-
ción _____ da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, se atopa ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas da fundación.

_____, _____, de _____ de 2024

Sinatura





ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/dona:

con endereço

DNI núm.

en nome propio/en representación de

con CIF núm.

(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais e no Real decreto 1720/2007, do 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

-----, ----, de ----- de 2024

Sinatura

